

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 11 DE NOVEMBRO DE 2019.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, D^a. María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D. Diego Antonio Taibo Monelos

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a. Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL

D^a. Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día once de novembro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa en funcións, D^a. María Guadalupe Pombo Carril e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D^a. Marta María Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D^a. Marta María Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D^a. Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o sr. Concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D^a. Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D^a. Pilar María Pastor Novo, que da fe do acto.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP do 16/7/2004, núm. 162) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

A Sra alcaldesa en funcións, manifesta que, tendo en conta que polo que respecta ao punto 2.1 da orde do día da presente sesión, a Xunta de Goberno Local actúa por delegación do Pleno da Corporación, de conformidade coa Sentenza do Tribunal Constitucional do 26 de setembro de 2013, recaída no recurso 1741/2004, neste punto é pública a sesión acorda e dado que para o resto da sesión da Xunta de Goberno Local non é pública, alterarase a orde do día e pasarase a tratar en primeiro lugar o punto 2 en sesión pública.

Seguidamente pásase ao exame e estudo dos asuntos incluídos na orde do día, sendo pública a sesión no punto 2 da orde do día.

2.- PROPOSTAS.

2.1.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DE FIXACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CICLO DE EXCURSIÓNS "VILAS CON HISTORIA". (ACTO PÚBLICO).

A continuación intervéñ a Sra. Iglesias Becerra e manifesta que a urxencia do asunto ven determinada polo feito de que a excursión se realizará a vindeira semana, e que non puido resolverse con anterioridade ao non estar concluído o expediente.

De seguido, a sra. Alcaldesa en funcións, de conformidade co regulado nos artigos 85.2 e 107 do Regulamento orgánico municipal (BOP núm. 162, do 16/7/2004), ao amparo do disposto no artigo 71.3 do ROM e con carácter

Código do documento	Código do expediente
USG13I019K	USG/2019/219
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 245U 2G34 6W4E 4B3A 0VHH	

previo á súa toma en consideración, solicita da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a ratificación da inclusión deste punto na orde do día. Sometida a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, resulta ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido a presidencia somete a debate e votación a Proposta da Concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica, de data 7 de novembro de 2019 que transcrita di:

“A área de benestar social e igualdade ten previsto, dentro do Ciclo de excursións "Vilas con Historia" no Proxecto Dinamización Comunitaria, realizar unha viaxe grupal de cinco días de duración a Extremadura.

O artigo terceiro do regulamento do prezo público pola participación en actividades socioeducativas, e de fomento da igualdade de xénero, dos hábitos de vida saudables o do consumo responsable convocadas pola area de benestar social establece que “para outras actividades de carácter específico e duración diferente as aquí especificadas fixarase o prezo público no momento da súa convocatoria”.

En base a todo o que PROPONSE á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno da Entidade, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Fixar o prezo da devandita actividade

Participación na viaxe	265,00€/participante
Prezo suplemento habitación individual	22,00€/participante
<p>Terán dereito a unha bonificación de 40€ no prezo establecido pola participación na viaxe aquelas persoas que reúnan algunha das seguintes condicións</p> <ul style="list-style-type: none"> • con carné de socias do club +65 • con carné de voluntariado municipal en activo • pertencente a familias numerosas • inscritas como demandantes de emprego no SEPE • con grao de discapacidade 	

C.I.F. P-1503100-H

Segundo.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto polo artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prezo público comezará a aplicarse unha vez que se realicen as devanditas publicacións, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Culleredo, á data da sinatura electrónica

A concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica”

Consta no expediente informe da Sra. Interventora municipal de data 7 de novembro do ano 2019 (código de documento UIT13I011D) que, transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN DE FISCALIZACIÓN DE LA MODIFICACIÓN DE LA ORDENANZA REGULADORA DE “PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES SOCIOEDUCATIVAS E DE FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO, DOS HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES E DO CONSUMO RESPONSABLE CONVOCADAS POLA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: PREZO DUNHA VIAXE DE CINCO DÍAS DE DURACIÓN A EXTREMADURA.”

Código do documento	Código do expediente
USG13I019K	USG/2019/219
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
245U 2G34 6W4E 4B3A 0VHH	

La funcionaria que suscribe, Interventora General del Ayuntamiento de Culleredo, con arreglo a lo establecido en el artículo 214 RD Legislativo 2/2004 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLHL), y con carácter previo a la adopción del correspondiente acuerdo, tiene a bien emitir el siguiente informe:

* La propuesta justifica la necesidad y relación con las competencias municipales, tal y como aparecen recogidas en el artículo 25 LRBRL.

* No se incurre en alguna de las prohibiciones de los artículos 41 y 42 TRLHL (no se trata de tasas ni de supuestos para ellas excluidos).

* Se acompaña informe acreditativo de las circunstancias expresadas en el artículo 44 TRLHL.

El importe de los precios públicos deberá cubrir como mínimo el coste del servicio prestado o de la actividad realizada.

Cuando existan razones sociales, benéficas, culturales o de interés público que así lo aconsejen, la entidad podrá fijar precios públicos por debajo del límite previsto en el apartado anterior. En estos casos deberán consignarse en los presupuestos de la entidad las dotaciones oportunas para la cobertura de la diferencia resultante si la hubiera.

* Procedimiento: el establecimiento o modificación de los precios públicos corresponderá al Pleno de la corporación, sin perjuicio de sus facultades de delegación en la Xunta de Gobierno Local, conforme al artículo 23.2.b de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

Resultado de la fiscalización: FAVORABLE “

Ao non producirse intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica de data 7 de novembro de 2019, que resulta aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica de data 7 de novembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

Continúa a Xunta de Gobierno Local en sesión non pública.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 4 DE NOVIEMBRE DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2019, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 4 de novembro de 2019.

3.- DACIÓN DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Acordo do 16 de outubro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, -Xefatura Territorial da Coruña- de levantamento de actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Culleredo (expediente IN407A 2019/79-1). DOG núm. 211 do 06-11-2019.
- Anuncio do 28 de outubro de 2019, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación das funcións da Alcaldía na primeira tenente de alcalde o día 25.10.2019, desde as 13 ata as 15 horas. BOP núm. 210 do 05-11-2019.
- Anuncio do 29 de outubro de 2019, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, -Augas de Galicia- relativo a autorización de obras. Expte DH. W15.68291. Vivenda e outros. Concello de Culleredo. BOP núm. 210 do 05-11-2019.
- Anuncio do 31 de outubro de 2019, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, -Augas de Galicia- relativo a autorización de obras. Expte DH. W15.66561. Senda. Concello de Culleredo. BOP núm. 213 do 08-11-2019.
- Anuncio do 29 de outubro de 2019, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación especial na Concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal para recollida de remolque de emerxencias adxudicado ao Concello. BOP núm. 214 do 11-11-2019.

C.I.F. P-1503100-H

3.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

3.2.1.- A Sra. Alcadesa en funcións dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes resolucións emitidas pola Concellería de Benestar Social e Igualdade:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
02/10/19	1563	Conceder unha axuda económica.	M.G.O.	Pago do alugueiro correspondente aos	1.075,00 €

C.I.F. P-1503100-H

				meses de xullo 2019 75€ e de agosto a novembro de 2019 250€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	
4/10/2019	1634	Gastos funerarios	M.J.F.G.		1501,72€
4/10/2019	1635	Gastos funerarios	J.M.C.B.		1501,72€
02/10/19	1564	Conceder unha axuda económica.	M.C.S.B.L.	Pago do alugueiro correspondente aos eses de xullo de 2019 275€, agosto e setembro 2019 400€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
10/10/19	1675	Conceder unha axuda económica.	M.A.P.	Pago dos recibos de agua, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Pago dos recibos de electricidade, correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Pago dos recibos de gas, correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Bono de alimentos tipo A, durante dous meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene persoal e do fogar tipo A, durante dous meses e cunha entrega mensual.	1.075,68 €
16/10/19	1713	Conceder unha axuda económica.	I.C.S.	Pagamento do alugueiro, correspondente aos meses de agosto a outubro de 2019 350€/mes. Que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.050,00 €
16/10/19	1715	Conceder unha axuda económica.	M.J.T.M.C	Pago dos recibos de comunidade, por importe 978,88€, correspondente aos anos 2017,2018 e 2019, que lle será aboada	1.075,68 €

Código do documento	Código do expediente
USG13I019K	USG/2019/219
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 245U 2G34 6W4E 4B3A 0VHH	

C.I.F. P-1503100-H

				mediante transferencia bancaria á conta da comunidade de propietarios . Pago dos gastos de carrelleiro, por importe de 96,80€, correspondente á factura 520-B de data 27/08/2019 de "Arcay cerrajeros, Antonio Castro Pena" (CIF 76368435V).	
16/10/19	1716	Conceder unha axuda económica	A.J.G.	Pago do alugueiro, por importe de 1050,00€, correspondente aos meses de maio a setembro de 2019 210€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.050,00 €
16/10/19	1717	Conceder unha axuda económica	M.G.CH	Pago do alugueiro por importe de 1050,00€, correspondente aos meses de maio, xuño e xullo de 2019 350€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo	1.050,00 €
16/10/19	1719	Conceder unha axuda económica.	M.S.D.N.N.	Pago de alugar correspondente aos meses de maio (300€), xuño (300€), xullo(300€) e parte de agosto (175).	1075,00€
17/10/19	1728	Conceder unha axuda económica.	M.C.A.V.	Pago do alugueiro, correspondente aos meses de marzo 2019 275€, e de abril a maio 2019 400€/mes que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
23/10/2019	1777	Conceder unha axuda económica	S.A.N.F.	Pago de aluguer correspondente aos meses de maio(400€), xuño(400€) e parte de xullo (275€) de 2019.	1075€
23/10/2019	1778	Concesion unha axuda económica	M.I.S.M.	Pago de recibos de agua correspondente ao 4º trimestre de 2019 e o 1º, 2º e 3º trimestre de 2020. Pago recibos de electricidade correspondente aos meses de outubro de	

Código do documento	Código do expediente
USG13I019K	USG/2019/219
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 245U 2G34 6W4E 4B3A 0VHH	

C.I.F. P-1503100-H

				2019 a outubro 2020. Pago recibos de gas correspondente aos meses de outubro de 2019 a outubro 2020.	
23/10/19	1779	Conceder unha axuda económica	M.P.C.L.	Pago dos recibos de auga, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Pago dos recibos de electricidade, correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Pago dos recibos de gas, correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,68 €
23/10/19	1783	Conceder unha axuda económica	C.P.D.	Pago recibos de auga correspondente ao 4º trimestre (70,62€) de 2018, 1º trimestre (60,94€) e 2º trimestre (51,64€) de 2019, Pago de recibo de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2019. Pago de recibos de electricidade correspondente a setembro (39,91€), outubro (84,82€), novembro (177,78€), decembro (92,34€) de 2018, xaneiro (40,12€), febreiro (46,60€), marzo (43,01€), abril (43,42€), maio (43,50€) e xuño (44,96€) de 2019, Pago recibos de electricidade correspondente aos meses de xullo e agosto de 2019. Pago de recibos de gas correspondente aos meses de decembro (15,43€) de 2018, febreiro	

Código do documento	Código do expediente
USG131019K	USG/2019/219
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 245U 2G34 6W4E 4B3A 0VHH	

				(38,33€), abril (12,08€) e xuño (10,79€) de 2019.	
--	--	--	--	---	--

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
16/10/19	1718	Denegar tarxeta estacionamiento	M.C.A.	

****SUBVENCIONS SOLICITADAS:**

Data da resolución	Nº resolución	OBXECTO	IMPORTE	ORGANISMO

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

**** Participación social :Culleredo enCLAVE social:**

Gala solidaria a favor de ADACECO

A concellería colabora na organización dunha gala solidaria a favor de ADACECO o 17 de novembro ás 18 horas no Edificio de Servizos Múltiples de O Burgo. Esta gala ten como obxectivos sensibilizar á cidadanía da importancia da atención integral a persoas con dano cerebral adquirido, así como apoiar as novas actividades da asociación que se están a facer no novo centro de día en Culleredo.

PLAN COORDINADOR DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONSORCIO "AS MARIÑAS":

VI Premios Jose Luís Muruzábal.

O Consorcio As Mariñas concedeu á asociación cullerdense Anhida Coruña o premio da VI edición dos premios Jose Luís Muruzábal. Enfocado a proxectos innovadores no ámbito sociolaboral ou socioeducativo destinados ás persoas con enfermidades mentais, Anhida Coruña logra este premio grazas ao seu proxecto "Proxecto de Atención Integral", que demostrou como a través desta atención, as persoas con TDAH poden mellorar a súa integración persoal e social e mellorar academicamente.

A entrega de premios será o día 14 nun acto no salón de plenos do Concello de Sada."

3.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións emitidas pola Concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

Código do documento	Código do expediente
USG13I019K	USG/2019/219
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
245U 2G34 6W4E 4B3A 0VHH	

XOVES 14 DE NOVIEMBRE DE 2019

Salón de actos do Conservatorio de Música de Culleredo. 18.30 h:

CULLEREDO SOA EN 44.05: Concerto de piano a cargo de Nuria Díaz Mera.

Entrada libre.

VENRES 15 DE NOVIEMBRE

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Ditrambo Teatro: *Anónima 18*.

Entrada de balde. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

SÁBADO 16 DE NOVIEMBRE

Igrexa de San Estevo de Culleredo. 19.30 h:

X FESTIVAL DE OUTONO DA CORAL FONTE DO SOUTO.

Coa actuación de: Coro Aula de Adultos do Conservatorio de Música de Viveiro (Viveiro), Coral Polifónica de Bugallido (Ames), Coral Fonte do Souto (Culleredo).

Entrada libre.”

C.I.F. P-1503100-H

3.2.3.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións emitidas pola Concellería delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

- “Resolución núm. 1799 de data do 28/10/2019, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de transporte e distribución de gas ao colexio Montespino, na parroquia de Rutis.
- Resolución núm. 1800 de data do 28/10/2019, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de transporte e distribución de enerxía eléctrica na parroquia de Sésamo.
- Resolución núm. 1801 de data do 28/10/2019, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de transporte e distribución de gas ao edificio de vivendas situado na R/. Gumersindo Pereira Nouche, núm. 1, da parroquia do Burgo.
- Resolución núm. 1802 de data do 28/10/2019, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de transporte e distribución de gas ao edificio situado na R/. Visitación de la Encina, núm. 1, da parroquia do Burgo.
- Resolución núm. 1803 de data do 28/10/2019, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de transporte e distribución de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar situada no lugar de Vilaverde, da parroquia de Castelo.”

3.2.4.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

Código do documento	Código do expediente
USG13I019K	USG/2019/219
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
245U 2G34 6W4E 4B3A 0VHH	

PROGRAMA MUNICIPAL EDUCACULLEREDO 2019-2020.

A) ACTIVIDADE: Visita guiada á sede da Policía Local.

Programa: Educación para a seguridade cidadá.

Datas: 11, 12 e 13 de novembro.

Horario: de 10:00 a 11:30 h.

Centros participantes: CEIP Sofía Casanova e CEIP Vila de Rutis.

Curso: 6º EP.

Nº participantes: 68.

Lugar: Vila Lucinda, se da Policía Local.

B) ACTIVIDADE: Contacontos coa dragona Ramona.

Programa: Educación para o fomento da lectoescritura.

Datas: 11, 12, 13, 14, 25 e 26 de novembro.

Horario: de 10:00 a 14:00 h.

Centros participantes: CEIP Tarrío, CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo, CEIP Vila de Rutis e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 4º, 5º e 6º de EI.

Nº participantes: 612.

Lugar: bibliotecas.”

C.I.F. P-1503100-H

3.3.- SENTENZA 00499/2019 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECC. 2, RECURSO DE APELACIÓN NÚMERO 4067/2018.

A sra. Alcadesa en funcións dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 00499/2019 do Tribunal superior de Xustiza de Galicia, sección 2ª (apelación) interposto pola Comunidade de Propietarios Vallesur, contra sentenza 164/2017 de 23 de novembro, dictada polo Xulgado contencioso administrativo nº 2 de A Coruña que desestimou o recurso contra a denegación do Plan Parcial A Zapateira 1, revocando a mesma condeando ao Concello a que aprobe a modificación proposta condicionada á acreditación das condicións de seguridade dos muros de contencións. Non se impoñen as custas procesais.

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Código do documento	Código do expediente
USG13I019K	USG/2019/219
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
245U 2G34 6W4E 4B3A 0VHH	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
A alcaldesa en funcións,
(Asdo. dixitalmente)

(Asinado dixitalmente nesta data pola concelleira delegada de Política Social, mocidade e promoción do deporte, que actuou como Presidenta nesta acta en calidade de alcaldesa en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).

C.I.F. P-1503100-H